



CONVOCATORIA DO I PREMIO “PROFESORADO INTERNACIONAL / INTERNATIONAL FACULTY AWARD” da Universidade da Coruña

CURSO 2018/2019

A Universidade da Coruña, a través da súa Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación, fai pública a convocatoria da I Edición do Premio ao “PROFESORADO INTERNACIONAL / INTERNATIONAL FACULTY AWARD da Universidade da Coruña”.

1. OBXECTO DO CONCURSO

O obxecto desta convocatoria é a publicación das bases do premio ao “PROFESORADO INTERNACIONAL / INTERNATIONAL FACULTY AWARD”. O premio pretende recoñecer a contribución do persoal docente á internacionalización da UDC, tanto dende o punto de vista da transmisión aos estudantes dos valores de cidadanía global, como da súa propia implicación.

Ademais, o concurso pretende promover un maior apoio ás actividades de internacionalización na casa e o desenvolvemento profesional do PDI apostando pola docencia en inglés, ao desenvolvemento/realización de proxectos e actividades multiculturais internacionais, así como pola difusión dos programas de mobilidade internacional.

2. DESCRIPCIÓN DO CONCURSO

O premio “PROFESORADO INTERNACIONAL / INTERNATIONAL FACULTY AWARD” outorgaráselle a un membro do persoal docente e investigador pertencente á UDC. Unicamente se premiará a traxectoria internacional como docente na UDC, que será avaliada por unha Comisión de Valoración de Relacións Internacionais e ratificada pola Comisión de Relacións Internacionais da UDC, destacando a posta en valor dos intereses da Universidade no terreo da internacionalización.

3. DESCRIPCIÓN DO PREMIO

O premio consistirá nunha achega económica de 1500 €.

Ademais, o/a premiado/a será nomeado/a “Embaixador Internacional da UDC” nunha universidade pertencente a un dos países que participan no programa Erasmus + ou dun dos chamados países asociados con convenio Erasmus + coa UDC a seleccionar polo premiado/a. Nesta universidade o premiado/a impartirá unha conferencia sobre a internacionalización da UDC facéndoa coincidir cunha estadía STT de formación que terá lugar, en todo caso, antes do 13 de setembro de 2019. A UDC colaborará cos gastos da viaxe conforme ás táboas incluídas na Guía Erasmus + e á calculadora de distancias Erasmus + (http://ec.europa.eu/assets/eac/erasmus-plus/distance/dc_en.html).

Isto supón que segundo o destino escollido a contía do premio para o desprazamento variará conforme á seguinte táboa:

Distancia en kilómetros	Cantidade a percibir
Entre 10 y 99 km	20 € por participante
Entre 100 y 499 km	180 € por participante
Entre 500 y 1999 km	275 € por participante
Entre 2000 y 2999 km	360 € por participante
Entre 3000 y 3999 km	530 € por participante
Entre 4000 y 7999 km	820 € por participante
8000 o más km	1.500 € por participante

E a contía para os gastos da viaxe calcularase en función do grupo ao que pertenza o país de destino:

Países de destino	Cantidade diaria a percibir*
Grupo A – Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Reino Unido, Suecia	120 €
Grupo B – Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal	105 €
Grupo C – Antiga República Iugoslava de Macedonia, Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Polonia, República Checa, Romanía, Turquía	90 €

* Financiaranse como máximo cinco días de estadia.

A entrega do premio terá lugar na última semana de marzo no Paraninfo da Universidade.

4. FINANCIAMENTO

O premio consistirá nunha dotación económica de 1.500€ con cargo á aplicación orzamentaria 0800081377 422D 48102.

Ademais, a persoa premiada realizará unha estadia Erasmus + STT con fins de formación financiada con fondos Erasmus + por un importe máximo de 1.500€ con cargo á partida orzamentaria 0800E31720 422D 48100 dacordo coas táboas de importes establecidas no devandito programa.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

Todas as persoas participantes no concurso deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Formar parte da nómina da Universidade da Coruña nalguna das categorías de persoal con dedicación docente da UDC, que perciba as súas retribucións con cargo ao capítulo I dos orzamentos da UDC. Esta condición deberá posuírse tanto no momento da solicitude, como no momento en que teña lugar a entrega do premio.
2. Ter como mínimo unha antigüidade de tres anos na UDC.

6. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Impreso de solicitude (Anexo I)
- Autoinforme sobre a importancia da internacionalización para o solicitante (máximo 300 palabras) (Anexo III).
- CV incluíndo as súas contribucións a unha ou máis das actividades relacionadas coa internacionalización na casa, a internacionalización do currículo, a participación en proxectos internacionais e outras contribucións á proxección exterior da UDC.

7. CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección entre os candidatos que presenten a solicitude realizarase pola Comisión de Valoración de Relacións Internacionais, constituída por

- Pilar García de la Torre, Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación
- Begoña Crespo García, Directora da Oficina de Relacións Internacionais
- Eugenia Díaz Caneiro - Técnico da Oficina de Relacións Internacionais.

Esta Comisión valorará os méritos expresados no autoinforme e no cv do/a participante, tendo en conta a implicación da persoa candidata nos intereses da UDC no terreo da internacionalización. A proposta desta comisión será ratificada pola Comisión de Relacións Internacionais da UDC. A baremación a aplicar será a seguinte:

- Auto-informe sobre a importancia da internacionalización para o solicitante (máximo 300 palabras). **(máx. 5 puntos)**
- CV (en calquera formato) incluíndo as súas contribucións a unha ou máis das seguintes actividades relacionadas coa internacionalización:
 - Desenvolvemento ou redeseño curricular facendo fincapé na internacionalización **(máx. 10 puntos)**
 - Coñecemento de linguas estranxeiras **(máx. 10 puntos)**
 - Docencia en inglés na UDC **(máx. 15 puntos)**
 - Participación en alianzas estratéxicas internacionais **(máx. 10 puntos)**
 - Realización de actividades multiculturais ou de comunicación intercultural a nivel centro/universidade. **(máx. 5 puntos)**
 - Captación de fondos internacionais (participación en proxectos H2020, KA2, Tempus, Tempo, Capacity Building, etc). **(máx. 15 puntos)**
 - Participación en programas de mobilidade **(máx. 15 puntos)**
 - Coordinación doutros programas (Erasmus Mundus, Dobres títulos, títulos conxuntos, organización de cursos da ISS, etc). **(máx. 15 puntos)**

A comisión poderá solicitar documentación acreditativa dos méritos aportados en caso de ser necesario.

8. PRAZO E PRESENTACIÓN DAS CANDIDATURAS

A solicitude, xunto co resto da documentación, poderán presentarse desde o día seguinte da publicación da presente convocatoria ata as 23.59 h do 15 de marzo, preferentemente polo rexistro electrónico da UDC (https://sede.udc.gal/services/telematic_register), no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Maestranza, 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares do campus de Elviña (trasladado temporalmente ao Campus da Zapateira 15071, A Coruña) ou do campus de Ferrol (Edificio de Apoio ao Estudo, Campus de Esteiro, 15403 Ferrol).

Asemade, poderán presentarse por calquera dos procedementos previstos no Artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

9. FORMA DE PAGAMENTO

O pagamento do premio farase por transferencia bancaria na conta da nómina trala aceptación da persoa seleccionada, coa retención do IRPF que corresponda.

O pagamento da bolsa para a estadía STT farase por transferencia bancaria e seguirá o seguinte procedemento:

- O 80% do importe da bolsa comezase a tramitar no momento de sinatura do convenio financeiro que lle será remitido ao interesado dende a ORI tras recibir a solicitude en liña de mobilidade STT no portal de solicitude:
https://www.udc.es/gl/ori/infprofesores/mobilidade_erasmus/STT/
- O pagamento do 20% restante comezase a tramitar unha vez xustificada a estadía real no centro de destino, de conformidade co indicado no apartado 10.

A bolsa consiste nunha contribución para cubrir parte dos gastos de viaxe, aloxamento e manutención e, por tanto, non está suxeita a retencións do IRPF.

10. OBRIGAS DA PERSOA GÑADORA

Presentar a aceptación do premio (Anexo II) na forma que se lle indique na notificación de concesión por correo electrónico. A dita aceptación implica que a persoa gañadora se compromete a cumprir todas as condicións recollidas nesta convocatoria.

Asistir á Cerimonia de entrega que terá lugar na derradeira semana de marzo no Paraninfo da UDC.

Realizar unha estadía STT segundo o establecido na Convocatoria de Mobilidade Internacional para o PDI e o PAS no marco do programa Erasmus + (Mobilidade con fins de formación): https://www.udc.es/gl/ori/infprofesores/mobilidade_erasmus/STT/

Ademais, nun período máximo de 10 días naturais tras a realización da estadía STT, a persoa gañadora presentará na Oficina de Relacións Internacionais a seguinte documentación:

- a. Certificado orixinal da estadía asinado pola universidade de destino indicando os días de formación segundo o modelo do programa Erasmus (Anexo IV)
- b. Xustificacións orixinais do desprazamento (preferentemente presentaranse:tarxetas de embarque, billete de tren, recibos de autoestrada etc.)
- c. Proba gráfica da conferencia impartida
- d. Así mesmo, deberá elaborar un Informe final ("cuestionario UE") sobre as actividades realizadas segundo o modelo que se lle facilitará a través da aplicación da "mobility tool". Para os efectos de cubrir este informe, o beneficiario recibirá un correo electrónico da plataforma do "mobility tool" coas indicacións sobre o procedemento e o prazo para facelo.

11. RESOLUCIÓN

Unha vez rematado o prazo de presentación de candidaturas, a Comisión, tendo en conta os valores que se queren promover co concurso, elixirá de entre as solicitudes presentadas a persoa que demostre maior grao de implicación e difusión dos valores da internacionalización da UDC de acordo cos criterios do Punto 7 e publicará unha listaxe provisoria cun prazo de 3 días hábiles para posibles reclamacións ou alegacións ante a comisión para publicar a continuación a listaxe definitiva de adxudicación do premio.

Contra esta resolución definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución.

A concesión comunicáraselle por correo electrónico directamente á persoa seleccionada, así como ao resto de participantes no proceso.

Máis información:

Oficina de Relacións Internacionais

Casa do Lagar

Campus de Elviña

Tel: 981 167 000 (ext. 1956)

Correo electrónico: iro@udc.gal

A Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación

Pilar García de la Torre

CONVOCATORIA DO PREMIO “PROFESORADO INTERNACIONAL / INTERNATIONAL FACULTY AWARD

ANEXO I

Impreso de solicitude

APELIDOS E NOME:
DNI:
ENDEREZO ELECTRÓNICO:
CENTRO UDC:
Documentación que se achega:

A Coruña, _____ de _____ de 2019

Sinatura da persoa solicitante _____

SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS

ACEPTACIÓN/RENUNCIA DO PREMIO “PROFESORADO INTERNACIONAL / INTERNATIONAL FACULTY AWARD”

Quen abaixo asina:

- Declara que coñece, cumpre e acepta as condicións da convocatoria do premio Profesorado Internacional / Internacional Faculty Award
- Comprométese a cumprir os termos establecido na dita convocatoria

Nome e apelidos:

DNI:

Facultade/Escola de

☐ Acepto o premio Profesorado Internacional / International Faculty Award nas condicións sinaladas pola Convocatoria do premio Profesorado Internacional / International Faculty Award

☐ Renuncio ao premio Profesorado Internacional / International Faculty Award nas condicións sinaladas pola Convocatoria do premio Profesorado Internacional / International Faculty Award

Motivo da renuncia:

A Coruña/Ferrol,de de 201

ASINADO

SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS

ANEXO III

APELIDOS e NOME
AUTOINFORME (máx. 300 palabras)

SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS



Modelo de certificado de estadía

CERTIFICATE OF ATTENDANCE

Name of the host institution:

.....

IT IS HEREBY CERTIFIED THAT:

Mr./Ms.

From the UNIVERSIDADE DA CORUÑA
(Name of the home institution)

attended the training activities specified under the ERASMUS+ programme (Key Action I. Staff mobility for training) at our institution / enterprise

☐ from _____, _____, _____ to _____, _____, _____
day month year day month year

☐ on the following specific days: _____, _____, _____
day month year
_____, _____, _____
day month year
_____, _____, _____
day month year
_____, _____, _____
day month year
_____, _____, _____
day month year

The travelling dates were:

First travel date _____, _____, _____ ☐ Due to travelling hours, no training
day month year arrangements could be done on this date.

Return travel date _____, _____, _____ ☐ Due to travelling hours, no training
day month year arrangements could be done on this date.

Date

Stamp and Signature

Name of the signatory:

Function: